

Plácido Álvarez Dobaño na súa condición de voceiro do Grupo Popular na Deputación Provincial de Ourense, con base no previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de bases reguladora do réxime local e o Regulamento da Corporación, presenta MOCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DA REDE PROVINCIAL DE ALBERGUES para o seu debate en Pleno, de acordo á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A importancia de Ourense en materia turística é innegábel, tamén a aposta da Deputación por poñer en valor o territorio provincial. Nese escenario cobran especial interese os doce albergues existentes, cunha oferta aproximada de mil prazas, situando o turismo ao servizo da dinamización rural. Unha posibilidade real que precisa dun impulso para traballar en rede constituíndo así a primeira en Galicia en materia de alberguismo.

A Organización Mundial do Turismo (OMT) e a World Youth Student & Educational (WYSE) Travel Confederation realizaron en 2008 un amplo estudo sobre o mozo viaxeiro independente. Segundo o estudo o turismo xove representa un 20 % de tódalas chegadas mundiais. Especialmente en Europa, o turismo xove e os “flashpackers” rexistraron nos últimos anos un crecemento espectacular alentado polo desenvolvemento de liñas de baixo custo e acceso xeneralizado a internet. Cada vez son máis os viaxeiros pero tamén os provedores e axencias de viaxe especializadas no turismo xove nun segmento no que a planificación e goce da viaxe se axusta a uns parámetros específicos: transporte e aloxamento de baixo custo e descubrimento do destino en profundidade, cun marcado interese polo aspecto natural e cultural.

En Ourense existe un dos dous exemplos de “modelo Europeo” de alberguismo: nas Corcerizas. O alberguismo é un movemento en auxe e non está limitado a unha idade determinada.

O traballo en rede do alberguismo de Ourense significará a especialización turística da provincia de Ourense no alberguismo de calidade, baseado no turismo deportivo e no turismo creativo, contribuíndo a dinamizar o medio rural do noso territorio.

Un obxectivo que pasaría pola maior transparencia e participación, logo de contactar con tódolos albergues e conveniar a creación de sinerxias de traballo conxuntas, paso previo para realizar os estudos de viabilidade que aconsellen a inclusión dos mesmos na rede. Con posterioridade definiríanse imaxe e marca, produtos básicos da rede e traballo de comunicación.

Este traballo en rede, liderado pola Deputación, ben directamente ou a través do INORDE, permitiría cuestións como a difusión conxunta, unha central de reservas, a posibilidade de apertura durante todo o ano, a creación de paquetes comúns de comercialización...en definitiva a dinamización económica en zonas de interior con actuacións no terreo da formación para profesionais e de axendas culturais.

En virtude do exposto, propoñemos ao Pleno o seguinte **ACORDO**:

“A Deputación, ben directamente ou ben a través do INORDE, creará a Rede provincial de albergues como instrumento de ordenación do alberguismo en Ourense, nunha estratexia definida pola coordinación dunha actuación conxunta en materia de difusión, central de reservas, paquetes comúns de comercialización, comunicación e calquera outra que permita a dinamización económica do noso territorio”.

Ourense, 11 de abril de 2017.

Plácido Álvarez Dobaño

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.-